

AS MÁQUINAS:

As **máquinas simples** son aquelas que están formadas por poucas pezas.

As **máquinas compostas** están formadas por moitas pezas.

As máquinas facilitan a realización de moitos traballos. Para cada actividade usamos as máquinas que nos resultan máis útiles. Por exemplo: O martelo e o trade permítennos facer máis forza. A lámpada proporciónanos luz. O tren e o autobús permítennos desprazarnos con rapidez. A camioneta axúdanos a transportar mercadorías.

En moitos oficios e profesións úsanse máquinas. Para investigar, os científicos utilizan microscopios; para apagar o lume, os bombeiros usan extintores e mangueras... Nas nosas casas as máquinas axúdannos a realizar numerosas tarefas: usamos o microondas para cociñar, a aspiradora para limpar e a videoconsola para entreternos.

As primeiras máquinas construíronse hai moitísimo tempo. Pouco a pouco foron mellorando e fixéronse máis seguras. Grazas aos avances da ciencia inventáronse novas máquinas. Nos últimos anos, a tecnoloxía permitiu fabricar máquinas moi complexas, como as naves espaciais.

OS ORDENADORES:

Os ordenadores son máquinas que nos permiten realizar moitas tarefas: escribir textos, debuxar, xogar, escoitar música... Todos os ordenadores teñen os mesmos elementos básicos:

- A CPU, que fai funcionar o ordenador.
- Un teclado e un rato, para introducir datos.
- Unha pantalla, para ver os textos e as imaxes.
- Os ordenadores tamén teñen un disco duro para almacenar información.

Existen ordenadores de sobremesa e ordenadores portátiles.

Os teléfonos móbiles actuais e as tabletas tamén son ordenadores. Para utilizalos movemos os dedos pola pantalla en vez de utilizar o rato.

Internet é unha rede formada por ordenadores de todo o mundo que están conectados entre si. A través de Internet podemos comunicarnos con persoas doutros lugares, buscar información, ver películas...

1) Que é unha máquina automática? Marca.

- ☐ Unha máquina que funciona coa nosa forza.
- ☐ Unha máquina que funciona con gasolina ou electricidade.

2) Escribe o nome dunha máquina en cada caso.

Funcionan con electricidade:

Funcionan con gasolina:

Funcionan coa nosa forza:

3) Como melloraron os ordenadores co paso do tempo? Marca as opcións correctas.

Os ordenadores actuais...

- ☐ son moito máis pequenos.
- ☐ permiten realizar máis tarefas.
- ☐ funcionan sen electricidade.
- ☐ traballan máis rapidamente.
- ☐ non necesitan pantalla.

4) Que é un coche eléctrico? Marca.

- ☐ Un coche que produce electricidade ao circular.
- ☐ Un coche que funciona con electricidade.

5) Escribe V (verdadero) ou F (falso).

- ☐ As primeiras máquinas inventáronse hai dez anos.
- ☐ Todas as máquinas necesitan enerxía para funcionar.
- ☐ As máquinas axúdannos a realizar numerosas tarefas.
- ☐ As máquinas poden resultar perigosas para quen as utiliza.

6) Que máquina usarías para realizar cada tarefa? Escribe.

Para quentar a comida:

Para facer un burato na parede:

Para ver mellor as estrelas:

Para ver unha película:

Para transportar mercadorías: